

ANUNCIO

O Concello de Moraña vén de recibir a concesión dunha subvención por parte da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro da Liña 3: “Activación do emprego 2025”, do Plan de Obras e Servizos (PLAN + Provincia), exercicio 2025, para a contratación de 7 prazas de persoal laboral temporal, para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais.

Os postos de traballo que se ofertan son:

- 3 Peóns forestais (95431028)
- 1 Peón transportista (98111060)
- 1 Monitor/a de servizos á comunidade (37151047)
- 1 Tractorista (83211032)
- 1 Albanel (Oficial 1ª) (71211015)

A modalidade do contrato é a de “Contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral”, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto Refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social co código 405.

Os contratos terán unha duración de dez meses a xornada completa.

Segundo o Capítulo III, Liña 3: “Activación do emprego 2025”, das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN + Provincia) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, poderán participar na selección “persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego”. O Concello presentará a correspondente oferta de emprego por cada praza no Servizo Público de Emprego de Galicia, o cal remitirá unha relación de posibles candidatos/as para a súa selección.

Tódalas persoas interesadas en participar na selección deberán estar inscritas na Oficina de Emprego de Caldas de Reis nos códigos arriba mencionados.

Documento asinado electronicamente

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553 442
N.º de Rexistro de Entidades Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A

